



## Ante o asasinato de Cristina Cabo Buján

Compañeiras, o luns coñeciamos a terríbel nova dun tráxico suceso en Lugo, Cristina Cabo Buján, compañeira do movemento feminista do que formamos parte desde hai anos, unha das voces que se escoitaron na lectura do manifesto do 8M do 2021, reclamando dereitos para todas nós, foi topada sen vida no seu piso, foi asasinada a coiteladas.

Desde o feminismo galego activamos o noso protocolo de alarma, que ten como o obxectivo organizar unha resposta contundente que se materialice en mobilizacións en repulsa dos asasinatos machistas por todo o País, unha vez que coñecemos que foi asasinada por un home de 32 anos que, tras coñecela esa mesma noite acompañouna ao seu fogar, asasinándoa no seu dormitorio.

Na loita contra os feminicidios seguimos agardando a que as institucións deixen de gardar minutos de silencio e comecen a preocuparse pola vida e seguridade das mulleres, de nada serviron os lazos lilás nin a iluminación nos Concellos do 25 de novembro que se amparan en políticas criminais contra as mulleres.

Este asasinato, polo momento, tampouco vai ser rexistrado como feminicidio, como o de Jéssica Méndez, ou o triplo feminicidio acontecido en Valga, como as crianzas que foron asasinadas a mans dos agresores machistas... Estamos fartas de ver como non hai apenas unha semana se tinguían os gobernos, as subdelegacións e as institucións en xeral de lilás e hipocrísia.

Fartas de ver un Partido Popular no Goberno da Xunta cuxa institución hai apenas unha semana puxo o foco das violencias nas agredidas, en lugar de sinalar ao agresor. Campaña ratificada tamén polo propio Presidente da Xunta, que en ningún caso pensou en retractarse malia que esta campaña promova a cultura da violación.

Como falamos o 25 de novembro, a violencia machista exprésase de moitas formas nas nosas vidas cotiás, discursos de odio e políticas que promoven o medo, a desigualdade, a violencia contra as mulleres. Precisamos que se poñan medios para rematar con isto, prevención, educación, recursos... Abonda xa de actos baleiros de contido, non precisamos campañas que non deberían pasar pero pasan.

Hoxe tomamos a rúa de novo por Cristina, con raiba e indignadas, para responder á violencia que sufrimos as mulleres, que culmina coa máxima expresión desta: o asasinato. Somos o berro das que non teñen voz e por iso hoxe non queremos minutos de silencio porque o silencio é cómplice da violencia machista que nos asasina ano tras ano.

Exiximos que a lei sexa efectiva, exiximos recursos suficientes para abordar este problema e un compromiso real para acabar co terrorismo machista. Exiximos que se aborde desde idades temperás a violencia machista, que se combatan os estereotipos, que se cuestione o poder.

Temos dereito a ser libres, iguais e a estar no mundo sen pagar por esa liberdade.  
**QUERÉMONOS LIBRES E QUERÉMONOS VIVAS! Por Cristina e por todas, seguiremos en marcha até que todas sexamos libres.**